

A análise do sector industrial, composto polo subsectores de enerxía, bens intermedios, bens de equipamento e bens de consumo, vai partir da información facilitada polo IGE, a EPA, Ardán, o Ministerio de Industria y Energía, UNESA, a Consellería de Industria e a Asociación Española de Operadores Petrolíferos.

Unha primeira aproximación ó sector industrial está recollida nos cadros **4.2.0.1.**, **4.2.0.2.**, **4.2.0.3.**, **4.2.0.4.** e **4.2.0.5.**, nos que se pode apreciar, dunha parte, que en 1997 o sector industrial galego (sen considerar as empresas relacionadas co sector primario, analizadas no punto anterior) está formado, segundo os criterios de selección considerados polo servicio de información Ardán, por 3.021 empresas, que supoñen o 27,14% do total de empresas consideradas. O valor engadido xerado por estas empresas ascendeu a 373.980,2 millóns de pesetas en 1997, o 39,47% do total xerado polo conxunto de empresas seleccionadas, sendo o seu emprego medio de 28 traballadores por empresa.

O devandito **cadro 4.2.0.1.** amosa

que este sector está composto polas industrias de enerxía, bens de equipamento, bens intermedios e bens de consumo. O cadro reflicte que son as actividades relacionadas co subsector bens de equipamento as que engloban un maior número de empresas (1.326 empresas), xerando o 53,9% do total de ingresos de explotación e o 45,3% do valor engadido bruto a custo de factores.

Atendendo ós núcleos de localización máis importantes, **cadro 4.2.0.2.**, as empresas do sector concéntranse nas zonas de Vigo, Arteixo e A Coruña, que acaparan o 56,8% do VEB total galego a custo de factores. Destaca o crecemento do VEB xerado en San Cibrao das Viñas (50,06%) e O Porriño (27,25%) respecto ó ano anterior.

Atendendo á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.2.0.3.** reflicte un crecemento do VEB a custo de factores dun 16,95% respecto ó ano anterior, e un aumento importante do resultado económico neto de explotación (34,07%) e do resultado neto do exercicio (45,10%). Prodúcese tanto un crecemento

CADRO 4.2.0.1.

Grupo de actividades do sector industrial 1997

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Energía	121	69.925,32	24.518,74	9.136,09	99.810,00	20
Bens intermedios	692	347.586,25	81.095,75	25.637,35	257.271,27	24
Bens de equipamento	1.326	1.108.849,73	169.595,35	38.467,91	568.850,09	29
Bens de consumo	882	531.091,72	98.770,36	35.861,47	344.864,18	29
Total	3.021	2.057.453,02	373.980,20	109.102,82	1.270.795,54	28
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	27,14%	43,25%	39,47%	42,59%	36,26%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.0.2.

Sector industrial 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	92.830,00	108.231,82	16,59
Arteixo	48.937,05	55.750,10	13,92
A Coruña	44.932,54	48.347,57	7,60
O Porriño	13.285,74	16.906,02	27,25
Santiago	12.022,59	13.522,65	12,48
San Cibrao das Viñas	6.947,81	10.425,76	50,06
Narón	7.427,65	8.519,27	14,70
Lugo	7.464,14	8.173,32	9,50

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.0.3.

Evolución da actividade no sector industrial 1996-97: ingresos, custos e resultados

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	1.831.985,29	100,00	2.057.453,02	100,00	12,31
Consumo e outros gastos de explotación	1.512.206,36	82,54	1.683.472,82	81,82	11,33
Valor engadido bruto a custo dos factores	319.778,93	17,46	373.980,20	18,18	16,95
Gastos de persoal	218.063,58	11,90	240.427,10	11,69	10,26
Resultado económico bruto da explotación	101.715,34	5,55	133.553,10	6,49	31,30
Amortizacións	43.360,62	2,37	55.317,44	2,69	27,58
Resultado económico neto da explotación	58.354,72	3,19	78.235,66	3,80	34,07
Carga financeira	5.591,04	0,31	5.148,70	0,25	-7,91
Resultado de actividades ordinarias	52.763,68	2,88	73.086,96	3,55	38,52
Resultado de actividades extraordinarias	- 8.813,90	-0,48	3.161,97	0,15	135,87
Resultado antes de impostos	43.949,78	2,40	76.248,93	3,71	73,49
Impostos	6.881,45	0,38	22.463,55	1,09	226,44
Resultado neto do exercicio	37.068,34	2,02	53.785,38	2,61	45,10
Cash-flow	80.428,96	4,39	109.102,82	5,30	35,65

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.0.4.

Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 1996-97

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	1.168.814,89	100,00	1.270.795,54	100,00	8,73
Activo fixo (neto)	490.028,45	41,93	521.821,50	41,06	6,49
Gastos amortizables	8.961,28	0,77	7.147,67	0,56	-20,24
Inmovilizado inmaterial	33.004,02	2,82	35.576,40	2,80	7,79
Inmovilizado material	352.191,43	30,13	376.802,88	29,65	6,99
Outro inmovilizado	94.267,47	8,07	101.573,26	7,99	7,75
Outro activo fixo	1.604,24	0,14	721,29	0,06	-55,04
Circulante neto	678.786,44	58,07	748.974,04	58,94	10,34
Existencias	206.765,02	17,69	238.443,82	18,76	15,32
Debedores	361.562,20	30,93	380.064,01	29,91	5,12
Tesourería	41.372,31	3,54	52.204,24	4,11	26,18
Outro activo circulante	69.086,90	5,91	78.261,98	6,16	13,28
Fontes de financiamento	1.168.814,89	100,00	1.270.795,54	100,00	8,73
Financiamento permanente	596.909,20	51,07	651.419,09	51,26	9,13
Fondos propios	430.168,45	36,80	481.622,78	37,90	11,96
Recursos alleos l/p	151.783,18	12,99	155.096,33	12,20	2,18
Ingresos distribuidos en varios exercicios	14.957,57	1,28	14.699,98	1,16	-1,72
Acreedores a curto prazo	571.905,69	48,93	619.376,45	48,74	8,30
Fondo de rotación	106.880,75	9,14	129.597,60	10,20	21,25

Fonte: Ardán

relativo do VEB a custo de factores que pasa do 17,46% dos ingresos de explotación en 1996 ó 18,18% do ano 1997, como do cash-flow, que pasa do 4,39% ó 5,30% no mesmo período.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 4.2.0.4.**, o financiamento do activo total, onde un 58,9% corresponde ó circulante neto, procede nun 51,3% do financiamento permanente, correspondendo un 48,7% ós acreedores a curto prazo.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, **cadro 4.2.0.5.**, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación reflicten unha aceleración no crecemento dos ingresos lixeiramente inferior ó constatado para o conxunto das empresas galegas,

a diferenza do acontecido no ano anterior; unha subida do peso relativo dos gastos de persoal, ó contrario do que acontece para o total da empresa galega; e unha redución da carga financeira. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, aumentan as rendibilidades económica e financeira por mor da evolución positiva das variables das que dependen.

Finalmente, a poboación ocupada na industria creceu un 6,9% entre os anos 1997 e 1998, tal e como reflicte o **cadro 4.0.4. Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade.** Atendendo ás diferentes ramas de actividade, o cadro amosa que as industrias relacionadas co material de transporte (fabricación de material de transporte) son as que acollen a un maior número de traballadores, aínda que son as industrias da madeira e

CADRO 4.2.0.5.

Sector industrial 1996-97: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos Ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	9,94%	8,45%	19,65%	25,06%	13,67%	17,25%	3,40%	3,30%	1,34%	1,37%	2,57%	2,86%
1997	10,17%	10,30%	19,68%	24,44%	13,77%	16,55%	3,48%	3,38%	1,12%	1,15%	2,85%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	6,98%	6,76%	3,62%	3,57%	1,89	1,82	14,89%	13,40%	3,70%	3,78%	2,57	2,49
1997	7,01%	6,96%	3,67%	3,66%	1,90	1,88	16,54%	15,23%	3,23%	3,37%	2,52	2,46

Fonte: Airdán

CADRO 4.2.1.1.

Producción bruta de electricidad 1997-98 ⁽¹⁾

Hidroeléctrica			
	1997	1998	98/97
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	1.036.116	1.000.697	-3,42
Lugo	1.322.567	1.654.258	25,08
Ourense	4.213.483	4.862.278	15,40
Pontevedra	119.165	140.834	18,18
Total	6.691.331	7.658.067	14,45
Total España	35.843.656	36.813.559	2,71

Termoeléctrica			
	1997	1998	98/97
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	11.721.333	14.915.739	27,25
Lugo	-	-	-
Ourense	91.946	102.167	11,12
Pontevedra	182.531	195.408	7,05
Total	11.995.810	15.213.314	26,82
Total España	147.674.831	151.069.396	2,30

Total			
	1997	1998	98/97
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	12.757.449	15.916.436	24,76
Lugo	1.322.567	1.654.258	25,08
Ourense	4.305.429	4.964.445	15,31
Pontevedra	301.696	336.242	11,45
Total	18.687.141	22.871.381	22,39
Total España	183.518.487	187.882.955	2,38

(1) producción das centrais de 1000 Kw. ou máis
Fonte: Ministerio de Industria y Energía

cortiza e outras industrias manufactureiras as que presentan unha maior taxa de crecemento respecto ó ano anterior, co 20,3% e o 22,2%, respectivamente.

4.2.1.- Enerxía

Galicia produciu en 1998 22.871,4 millóns de kWh, o que representa o 12,17% do total producido en España. A zona noroeste produciu en 1998 41.135 millóns de kWh (o 24,5% do total de España) en tanto que a súa demanda representou o 14,2% do total español. Ésta é a primeira consideración que se tira dos datos facilitados polo Ministerio de Industria y Energía, o IGE, UNESA, e Ardán, que se utilizarán na análise do subsector.

• **A enerxía eléctrica.**- A produción eléctrica en Galicia creceu en 1998 a un ritmo moi superior ó acontecido en España, **cadro 4.2.1.1.**, producíndose esta situación tanto no caso da produción hidroeléctrica como no caso da termoeléctrica. Dada esta evolución, o peso relativo da produción bruta de electricidade galega no total español aumentou do 10,18% do ano 1997 ata o 12,17% do ano 1998. No caso da produción termoeléctrica e hidroeléctrica, os seus pesos relativos no total español no ano 1998 son, respectivamente, do 10,07% e do 20,8%.

O devandito **cadro 4.2.1.1.** reflicte tamén o predominio en Galicia da produción termoeléctrica fronte á hidroeléctrica. Así, a produción en centrais térmicas

CADRO 4.2.1.2.

Demanda de electricidade por zonas xeográficas 1998

	1998 <i>(en millóns de Kwh)</i>	98/97 <i>(%)</i>
Catalana	30.690	3,0
Centro-Levante	45.451	5,0
Centro-norte	25.734	0,0
Noroeste	23.062	-0,9
Aragonesa	4.438	-2,3
Andaluza	23.977	11,9
Peninsular	153.352	4,9
Extrapeninsular	8.645	7,2
Total	161.997	5,0

Fonte: UNESA

CADRO 4.2.1.3.

Indice de enerxía eléctrica distribuída 1997-98 ⁽¹⁾

(1990=100)

	Vivendas	Industria	Total
1997	168,3	111,6	123,4
1998	177,6	112,1	126,5
98/97	9,3	0,5	3,1

(1) índice mensual
Fonte: IGE

CADRO 4.2.1.4.

Plantas de coxeneración en funcionamento 1997-98 ⁽¹⁾

	1997		1998	
	Plantas	Potencia nominal <i>(en Kw)</i>	Plantas	Potencia nominal <i>(en Kw)</i>
A Coruña	22	237.498	30	295.439
Lugo	3	14.586	4	17.609
Ourense	4	22.660	4	22.660
Pontevedra	9	47.363	14	57.754
Total	38	322.107	52	393.462

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Consellería de Industria

representou en 1998 o 66,5% da produción eléctrica de Galicia, fronte ó 33,5% da produción hidroeléctrica.

A provincia de A Coruña acolle ó 69,6% da produción eléctrica total galega de 1998, seguida de Ourense, co 21,7%. Na Coruña destaca a importancia da produción termoeléctrica –o 98,0% do total da produción termoeléctrica de Galicia–, en tanto que no caso da produción hidroeléctrica, a provincia de Ourense acolle o 63,5% da produción hidroeléctrica galega.

Pola banda da demanda de electricidade, o **cadro 4.2.1.2.** reflicte que a zona noroeste demandou en 1998 un total de 23.062 millóns de kWh, un 0,9% menos que o demandado no mesmo período do ano anterior. Comparado coas outras zonas da península, a zona noroeste é a segunda que menos consume, trala zona aragonesa, cun peso relativo no total español do 14,2%.

O **cadro 4.2.1.3.** amosa a distribución da enerxía eléctrica entre vivendas e industrias. Nel pódese apreciar que, no

CADRO 4.2.1.5.

Parques eólicos en funcionamento a 31-12-1998

Parque	Promotor	Concello	Potencia (en Mw)
Estaca de Bares			0,45
Cabo Vilán	Unión Fenosa	Camariñas	5,10
Capelada	Made	Cariño, Cedeira e Ortigueira	16,50
Malpica	Pemalsa	Malpica	15,08
Barbanza	Made	Porto do Son e Pobra do Caramiñal	19,80
Paxareiras I	Eurovento	Mazaricos, Muros e Carnota	20,40
Paxareiras II A	Eurovento	Muros e Carnota	20,40
Coriscada	Gamesa	Mañón, Ortigueira	25,00
Zas (Pico Meda)	Desa	Zas y Santa Comba	24,00
Muras	Gamesa	Muras	25,00
Capelada II	Made	Ortigueira, Cedeira e Cariño	14,85
Vicedo	Eurovento	O Vicedo, Viveiro	24,60
Bustelo I	Made	Muras	24,70
Barbanza II	Made	Porto do Son e Pobra do Caramiñal	6,60

Fonte: Consellería de Industria

CADRO 4.2.1.6.

Usuarios e lonxitude da rede de gas natural 1997-98

	1997					1998
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	Total
usuarios (número de fogares)	5.525	6.889	1.660	621	14.695	19.562
lonxitude (quilómetros)	40,1	57,8	8,5	3,2	109,6	213,9

Fonte: Gas Galicia

caso das vivendas, prodúcese un forte crecemento do consumo en relación ó ano anterior, en tanto que, no caso das industrias, constátase un reducido crecemento do mesmo.

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada coxeneración, que consiste na transformación da enerxía desprendida nos procesos productivos das propias empresas. En Galicia funcionan un total de 52 plantas de coxeneración (**cadro 4.2.1.4.**), cunha potencia nominal de 393.462 Kw. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña: en termos porcentuais, as 30 empresas ubicadas nesa provincia producen o 75,1% do total producido en Galicia.

• **Enerxías renovables.-** Ó carón da enerxía eléctrica e a coxeneración, existen outras fontes de enerxía, entre elas as chamadas enerxías renovables ou alternati-

vas. Neste campo, un dos obxetivos máis importantes da Administración autonómica en materia enerxética nos últimos anos é o impulso á enerxía eólica. En Galicia, en 1998, estaban en funcionamento 14 parques eólicos, fronte ós oito do ano anterior. Os máis importantes pola súa potencia, como reflicte o **cadro 4.2.1.5.**, son os de Coriscada e Muras, con 25,00Mw cada un deles.

• **Gas natural.-** Ó finaliza-lo ano 1998, o gas natural chegaba a 19.562 fogares galegos, é dicir, 4.867 máis que ó remate do ano anterior, o que supuxo un crecemento do 33,1%.

A lonxitude da rede de transporte e distribución de gas natural en Galicia en 1998 ascendeu ós 213,904 km, dos que 104,3 km. construíronse no devandito ano.

• **Productos petrolíferos.-** En relación á oferta de produtos petrolíferos, o

CADRO 4.2.1.7.

Movemento de crus e obtención de productos petrolíferos nas CC.AA. 1998

(en miles de T.)

	Andalucía	Canarias	Castela - A Mancha	Cataluña	Comunidade Valenciana	Galicia	País Vasco	Murcia	Total España
Crus descargados									
Nacionales	--	--	--	520	--		1		521
Importados	15.005	4.126	7.297	8.683	4.395	5.569	9.808	4.450	59.332
Crus destilados	14.997	4.125	7.370	9.282	4.370	5.588	9.689	4.456	59.877
Productos obtidos									
Gas refinado	398	90	274	95	189	201	301	70	1.618
Butano	304	56	104	127	121	182	83	82	1.060
Propano	141	21	90	49	66	51	90	37	545
Gasolinás	2.340	553	1.617	1.033	1.029	1.120	2.197	616	10.505
Querosenos	1.324	610	936	567	307	83	151	185	4.162
Gasóleos	4.783	926	3.006	2.738	1.731	2.176	3.766	1.573	20.701
Fuelóleos	4.738	1.634	1.275	1.879	693	1.125	2.814	1.489	15.647
Outros	2.100	322	1.792	3.170	298	989	764	618	10.052

Fonte: Ministerio de Industria y Energía

CADRO 4.2.1.8.

Consumo de productos petrolíferos 1997-98

1997

(en Tm)

	Gasolinás	Gasoleos	Querosenos	Fueloleos	Asfaltos	Total
A Coruña	178.658	543.693	25.028	189.983	-	937.366
Lugo	60.917	239.553	--	32.148	-	332.620
Ourense	58.800	186.195	--	39.090	480	284.586
Pontevedra	156.688	470.545	4.031	116.937	510	748.715
Total	455.063	1.439.986	29.059	378.158	990	2.303.287
Total España	8.347.786	6.601.623	3.431.011	6.360.475	1.086.483	37.410.089

1998

	Gasolinás	Gasoleos	Querosenos	Fueloleos	Asfaltos	Total
A Coruña	175.966	617.017	20.125	290.163	-	1.103.275
Lugo	60.429	272.165	3	31.108	-	363.707
Ourense	60.042	206.467	--	39.482	175	306.169
Pontevedra	159.729	539.800	5.026	115.268	2.981	822.807
Total	456.166	1.635.449	25.154	476.021	3.156	2.595.958
Total España	8.402.161	7.392.469	3.759.556	6.361.342	1.242.285	40.221.437

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

cadro 4.2.1.7. reflicte o movemento de crus e a obtención de productos petrolíferos. En relación ós crus descargados, Galicia supón en torno ó 9,3% do total descargado, por diante de Canarias, C. Valenciana e Murcia.

9,2% do total de productos obtidos en España. Predominan a produción de gasóleos, que supón o 36,7% do total de productos obtidos en Galicia, seguido dos fuelóleos e as gasolinás, co 19,0% e 18,9%, respectivamente.

Os productos petrolíferos obtidos a partir do cru en Galicia representan o

En canto á demanda de productos petrolíferos, o **cadro 4.2.1.8.** reflicte que o

CADRO 4.2.1.9. **Complexo electricidade, enerxía e auga 1997: actividades que comprende o grupo**

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Producción e distribución de enerxía eléctrica	31	21.474,77	7.807,01	4.955,87	52.085,19	12
Distribución de gas, combustible e auga	45	8.660,55	3.081,41	592,69	8.978,40	14
Extracción de hulla e lignito	2	18.201,20	12.395,64	3.285,45	33.753,01	479
Distrib. de carbón, miner., petróleo e pdtos. petr.	43	21.588,81	1.234,68	302,08	4.993,40	6
Total	121	69.925,32	24.518,74	9.136,09	99.810,00	20
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	1,09%	1,47%	2,59%	3,57%	2,85%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.1.10. **Complexo electricidade, enerxía e auga 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	14.276,79	14.275,33	-0,01
Lugo	2.580,88	2.804,35	8,66
Santiago	1.754,01	1.988,94	13,39
Cee	741,98	719,04	-3,09
Vigo	674,29	676,89	0,39
A Lama	490,79	501,27	2,14
San Cibrao das Viñas	477,07	374,45	-21,51
Boiro	- 0,62	343,36	-

Fonte: Ardán

peso relativo do consumo de Galicia é do 6,45% do total español. Destacan, por unha banda, o elevado peso relativo do consumo de gasóleos, que representa o 22,1% do total de gasóleo consumido en España en 1998 fronte ó 21,8% do ano anterior, e o 63% do consumo de produtos petrolíferos en Galicia no mesmo ano. Pola outra banda, salienta a escasa importancia relativa do consumo de querosenos e asfaltos en Galicia en 1998, que é do 0,67% e 0,25%, respectivamente.

Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o sector enerxético estaba composto en 1997 por 121 empresas (non se inclúe Endesa), fronte ás 110 do ano anterior. O grupo de actividade máis importante dentro deste

subsector atendendo ó nivel de ingresos de explotación é, tal e como reflicte o **cadro 4.2.1.9.**, o correspondente á distribución de carbón, minerais, petróleo e produtos derivados. Non obstante, son as dúas empresas de extracción de hulla e lignito as que xeran un maior VEB, ó xerar o 50,56% do VEB total do subsector enerxético.

En relación ós núcleos de localización segundo o VEB xerado polas empresas, **cadro 4.2.1.10.**, A Coruña é o núcleo máis importante ó xerar 14.275,3 millóns de pesetas, que significa o 58,22% do VEB total do subsector enerxético.

Atendendo á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, **cadro 4.2.1.11.**, o sector enerxético presentou un lixeiro descenso do seu resultado económico neto de explotación, e unha caída do

**CADRO 4.2.1.11. Evolución da actividade no complexo electricidade, enerxía e auga 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	68.232,15	100,00	69.925,32	100,00	2,48
Consumo e outros gastos de explotación	44.526,29	65,26	45.406,58	64,94	1,98
Valor engadido bruto a custo dos factores	23.705,86	34,74	24.518,74	35,06	3,43
Gastos de persoal	10.998,57	16,12	11.201,73	16,02	1,85
Resultado económico bruto da explotación	12.707,29	18,62	13.317,01	19,04	4,80
Amortizacións	3.753,51	5,50	4.425,56	6,33	17,90
Resultado económico neto da explotación	8.953,78	13,12	8.891,46	12,72	-0,70
Carga financeira	1.369,36	2,01	1.171,76	1,68	-14,43
Resultado de actividades ordinarias	7.584,42	11,12	7.719,70	11,04	1,78
Resultado de actividades extraordinarias	- 832,62	-1,22	- 838,09	-1,20	-0,66
Resultado antes de impostos	6.751,80	9,90	6.881,61	9,84	1,92
Impostos	1.887,91	2,77	2.171,08	3,10	15,00
Resultado neto do exercicio	4.863,88	7,13	4.710,53	6,74	-3,15
Cash-flow	8.617,40	12,63	9.136,09	13,07	6,02

Fonte: Ardán

**CADRO 4.2.1.12. Evolución do investimento e do financiamento
no complexo electricidade, enerxía e auga 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	96.219,90	100,00	99.810,00	100,00	3,73
Activo fixo (neto)	67.167,08	69,81	72.560,10	72,70	8,03
Gastos amortizables	308,47	0,32	216,98	0,22	-29,66
Inmovilizado inmaterial	1.557,93	1,62	1.618,90	1,62	3,91
Inmovilizado material	51.669,25	53,70	55.057,77	55,16	6,56
Outro inmovilizado	13.459,44	13,99	15.504,95	15,53	15,20
Outro activo fixo	172,00	0,18	161,50	0,16	-6,10
Circulante neto	29.052,82	30,19	27.249,91	27,30	-6,21
Existencias	2.370,89	2,46	2.690,13	2,70	13,46
Debedores	19.995,51	20,78	18.292,44	18,33	-8,52
Tesourería	1.900,33	1,97	2.277,72	2,28	19,86
Outro activo circulante	4.786,09	4,97	3.989,62	4,00	-16,64
Fontes de financiamento	96.219,90	100,00	99.810,00	100,00	3,73
Financiamento permanente	71.384,52	74,19	73.294,07	73,43	2,68
Fondos propios	43.703,81	45,42	46.680,98	46,77	6,81
Recursos alleos l/p	23.029,62	23,93	22.286,78	22,33	-3,23
Ingresos distribuídos en varios exercicios	4.651,09	4,83	4.326,31	4,33	-6,98
Acreedores a curto prazo	24.835,39	25,81	26.515,94	26,57	6,77
Fondo de rotación	4.217,44	4,38	733,97	0,74	-82,60

Fonte: Ardán

Complexo electricidade, enerxía e auga 1996-97: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega
1996	7,96%	8,45%	22,11%	25,06%	9,38%	17,25%	3,24%	3,30%	0,64%	1,37%	4,06%	2,86%
1997	0,34%	10,30%	27,87%	24,44%	9,88%	16,55%	3,68%	3,38%	0,59%	1,15%	4,69%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega	Empresa do sector	Empresagallega
1996	8,30%	6,76%	3,38%	3,57%	1,82	1,82	18,74%	13,40%	2,31%	3,78%	1,36	2,49
1997	9,05%	6,96%	4,83%	3,66%	1,72	1,88	18,81%	15,23%	2,33%	3,37%	1,34	2,46

Fonte: Ardán

resultado neto do exercicio. Prodúcese no mesmo período un crecemento do VEB a custo de factores e do *cash flow*, tanto en termos absolutos como relativos.

No concernente á evolución do investimento e do financiamento, o activo total é financiado, principalmente, con recursos permanentes, que representan o 73,43% dos recursos de financiamento. Dentro do financiamento permanente, salienta-lo peso dos fondos propios, que ascenden ó 46,77% do total. (**cadro 4.2.1.12.**)

Finalmente, no estudio económico financeiro, **cadro 4.2.1.13.**, salienta a desaceleración no crecemento dos ingresos, o crecemento, respecto ós ingresos, do VEB, e o aumento do peso relativo dos gastos de persoal. Destaca tamén a mellora do resultado neto de explotación respecto ós ingresos e a redución da carga financeira.

As rendibilidade económica e financeira antes de impostos aumentan no período 96-97. A primeira por mor da mellora da marxe, que compensa a diminución da rotación de activos, e a segunda porque mellora a rendibilidade económica, possibilitando unha mellora do apalancamento financeiro.

4.2.2.- Bens intermedios

A industria de bens intermedios está composta polos subsectores de minerais non metálicos, produtos químicos e derivados e a industria auxiliar. De acordo co criterio de selección de Ardán, o **cadro 4.2.2.1.** reflicte que esta industria comprende, no ano 1997, 692 empresas (o 6,22% do total das empresas galegas consideradas). Estas empresas xeran o 7,31%

dos ingresos de explotación totais das empresas consideradas na mostra, e o 8,56% do VEB, presentando un emprego medio de 24 traballadores por empresa.

Atendendo ás distintas actividades que comprende o grupo, o subsector da industria auxiliar é o máis importante no que ó número de empresas (308), á xeración do VEB (38,8% do VEB total xerado pola industria de bens intermedios) e ós ingresos de explotación (41,7%) se refire.

Tal e como reflicte o **cadro 4.2.2.2.**, O Porriño, Vigo e Narón son os principais núcleos de localización das empresas atendendo ó seu VEB xerado no ano 1997. Estas tres áreas presentan o 34% do VEB xerado polas industrias de bens intermedios en Galicia.

Segundo o **cadro 4.2.2.3.**, que recolle a evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, no ano 1997 se produce un crecemento do VEB a custo de factores nun 10,4% respecto ó ano anterior, ó mesmo tempo que se observa un aumento do resultado económico neto de explotación e un resultado neto do exercicio positivo. Asemade, apréciase unha evolución favorable do *cash-flow* respecto ós ingresos de explotación, que pasa de 7,21% en 1996 ó 7,38% de 1997. Pola contra, o peso relativo do VEB no total dos ingresos de explotación descende, pasando dun 23,8% en 1996 ata o 23,33% do ano 1997.

O **cadro 4.2.2.4.**, que recolle a evolución do investimento e do financiamento, reflicte que neste subsector industrial, no ano 1997 aumenta o recurso do financiamento permanente (pasa do 52,3% do financiamento total ó 53,6% en 1997), onde o recurso dos fondos propios e dos recursos alleos a longo prazo teñen un

CADRO 4.2.2.1.

Sector de bens intermedios 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Minerais non metálicos	197	81.638,24	31.301,50	11.712,74	83.298,69	31
Productos químicos e derivados	187	121.088,92	18.285,16	5.911,92	67.107,64	18
Industria auxiliar	308	144.859,09	31.509,09	8.012,69	106.864,94	23
Total	692	347.586,25	81.095,75	25.637,35	257.271,27	24
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	6,22%	7,31%	8,56%	10,01%	7,34%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.2.

Sector de bens intermedios 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
O Porriño	9.421,32	11.419,76	21,21
Vigo	7.555,31	8.526,95	12,86
Narón	6.268,15	7.615,85	21,50
Carballada	6.115,41	6.664,47	8,98
Barco de Valdeorras	6.455,05	5.999,12	-7,06
A Coruña	4.505,81	4.893,11	8,60
Arteixo	3.006,15	3.100,78	3,15
Mos	2.156,97	2.499,81	15,89

Fonte: Ardán

maior peso relativo en comparación co ano anterior.

En canto á análise económica financeira, **cadro 4.2.2.5.**, prodúcese unha aceleración no crecemento dos ingresos, e unha lixeira caída, respecto ós ingresos, do VEB a custo de factores. A rendibilidade económica diminúe ata o 7,87% por mor do leve retroceso da marxe a da rotación de activos. A rendibilidade financeira antes de impostos crece no período 96-97 por mor, fundamentalmente, da redución do custo da débeda.

No que ó comercio exterior se refire, o **cadro 4.0.11.** (*Comercio exterior 1998: distribución segundo sectores*) amosa que existe un superávit no saldo comercial de bens de equipamento por mor do compo-

tamento de “outras semimanufacturas” que compensa o saldo negativo da balanza comercial de productos químicos e dos metais.

Dentro destas industrias, salienta a importancia da industria extractiva (capítulo 68, manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas) para a economía galega. As exportacións destes productos acadan un valor de 36.743 millóns de pesetas (o 86,9% do total das exportacións de outras semimanufacturas), sendo o quinto capítulo exportador da economía galega. Atendendo á desagregación por provincias, destaca por riba de todas a provincia de Ourense que exporta o 64,5% do total das exportacións do capítulo 68.

Segundo o criterio de selección de

CADRO 4.2.2.3.

**Evolución da actividade no sector de bens intermedios 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	308.586,70	100,00	347.586,25	100,00	12,64
Consumo e outros gastos de explotación	235.141,15	76,20	266.490,50	76,67	13,33
Valor engadido bruto a custo dos factores	73.445,54	23,80	81.095,75	23,33	10,42
Gastos de persoal	43.863,33	14,21	47.956,88	13,80	9,33
Resultado económico bruto da explotación	29.582,21	9,59	33.138,87	9,53	12,02
Amortizacións	9.759,83	3,16	10.739,00	3,09	10,03
Resultado económico neto da explotación	19.822,38	6,42	22.399,87	6,44	13,00
Carga financeira	3.054,80	0,99	2.483,99	0,71	-18,69
Resultado de actividades ordinarias	16.767,58	5,43	19.915,88	5,73	18,78
Resultado de actividades extraordinarias	716,70	0,23	2.314,44	0,67	222,93
Resultado antes de impostos	17.484,28	5,67	22.230,31	6,40	27,14
Impostos	4.987,63	1,62	7.331,97	2,11	47,00
Resultado neto do exercicio	12.496,65	4,05	14.898,35	4,29	19,22
Cash-flow	22.256,48	7,21	25.637,35	7,38	15,19

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.4.

**Evolución do investimento e do financiamento
no sector de bens intermedios 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	228.137,02	100,00	257.271,27	100,00	12,77
Activo fixo (neto)	93.783,03	41,11	100.330,08	39,00	6,98
Gastos amortizables	1.345,49	0,59	1.176,61	0,46	-12,55
Inmovilizado inmaterial	6.133,05	2,69	6.903,26	2,68	12,56
Inmovilizado material	70.971,54	31,11	75.749,44	29,44	6,73
Outro inmovilizado	15.043,43	6,59	16.320,00	6,34	8,49
Outro activo fixo	289,52	0,13	180,77	0,07	-37,56
Circulante neto	134.353,99	58,89	156.941,19	61,00	16,81
Existencias	38.331,19	16,80	42.741,64	16,61	11,51
Debedores	73.381,01	32,17	85.983,25	33,42	17,17
Tesourería	9.964,69	4,37	13.423,97	5,22	34,72
Outro activo circulante	12.677,09	5,56	14.792,33	5,75	16,69
Fontes de financiamento	228.137,02	100,00	257.271,27	100,00	12,77
Financiamento permanente	119.345,95	52,31	137.963,51	53,63	15,60
Fondos propios	91.083,13	39,92	106.555,84	41,42	16,99
Recursos alleos I/p	24.724,00	10,84	28.125,48	10,93	13,76
Ingresos distribuidos en varios exercicios	3.538,83	1,55	3.282,20	1,28	-7,25
Acreedores a curto prazo	108.791,06	47,69	119.307,76	46,37	9,67
Fondo de rotación	25.562,92	11,21	37.633,43	14,63	47,22

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.5.

Sector de bens intermedios 1996-97: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega
1996	6,55%	8,45%	29,72%	25,06%	19,35%	17,25%	4,58%	3,30%	1,76%	1,37%	4,38%	2,86%
1997	11,22%	10,30%	28,30%	24,44%	19,01%	16,55%	4,35%	3,38%	1,40%	1,15%	4,48%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega	Empresado sector	Empresagallega
1996	8,13%	6,76%	4,92%	3,57%	1,64	1,82	15,74%	13,40%	4,26%	3,78%	2,18	2,49
1997	7,87%	6,96%	4,76%	3,66%	1,62	1,88	16,45%	15,23%	3,75%	3,37%	2,19	2,46

Fonte: Ardán

empresas de Ardán, esta industria (lousa, granito e outros minerais non metálicos) estaría composta por 197 empresas (1,77% do total de empresas consideradas) que producen o 3,3% do VEB a custo de factores. En Galicia pódense distinguir dúas grandes zonas de xeración do VEB: por unha banda, a parte oriental da provincia de Ourense (Carballeda e Barco de Valdeorras) e o sur da provincia de Lugo (Quiroga), que estarían xerando o 43,6% do VEB total do subsector, e pola outra banda, o sur da provincia de Pontevedra, onde Vigo e O Porriño producen o 16,7% do VEB xerado por esta actividade en Galicia.

4.2.3.- Bens de equipamento

A análise da industria de bens de equipamento basease na información facilitada polo Ardán, a Dirección Rexional de Comercio en Galicia, o *cluster* de empresas de automoción (Ceaga) e mailo IGE.

O conxunto da industria de bens de equipamento en 1997 está formado, de acordo cos criterios de selección de Ardán, por 1.326 empresas (o 11,91% do total de empresas consideradas polo Ardán). Estas empresas xeran o 23,31% dos ingresos de explotación totais das empresas seleccionadas, e o 17,90% do VEB, o que dá unha imaxe da importancia da industria de bens de equipamento para a economía galega.

Atendendo ós distintos compoñentes desta industria, recollidos no **cadro 4.2.3.1.**, o subsector maquinaria e equipamento é quen conta cun maior número de empresas, 782 empresas, aínda que é o subsector da automoción quen presenta un maior volume de ingresos de explotación e de VEB, que significan, respectivamente, o 70,8% e o 54,3% do total xerado neste subsector industrial.

Por mor do peso da automoción, principalmente, Vigo é o principal núcleo de localización das empresas desta industria segundo o valor engadido bruto xerado por elas. Tras un crecemento do 18,38% respecto ó ano anterior, o VEB xerado en Vigo ascendeu a 93.669,67 millóns de pesetas (**cadro 4.2.3.2.**).

Segundo o **cadro 4.2.3.3.**, que recolle a evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, no ano 1997 se produce unha recuperación importante do conxunto do sector, ó crecer non só o VEB nun 23,08% respecto ó ano anterior, senón porque se observa un crecemento importante do resultado económico neto de explotación e un resultado neto do exercicio positivo (10.263,4 millóns de pesetas fronte ós 6.104,5 de perdas do ano anterior). Asemade, apréciase unha evolución favorable do VEB a custo de factores e do cash-flow respecto ós ingresos de explotación, xa que pasan de 13,86% e 1,44%, respectivamente, en 1996 ó 15,29% e 3,47% do ano de referencia.

O **cadro 4.2.3.4.**, que recolle a evolución do investimento e do financiamento, reflicte que neste subsector industrial o principal recurso de financiamento son os acreedores a curto prazo, que representan o 56,05% dos recursos totais, superior á porcentaxe do ano anterior, que era do 55,54%.

En canto á análise económica financeira, **cadro 4.2.3.5.**, prodúcese unha desaceleración no crecemento dos ingresos, e unha mellora, respecto ós ingresos, do VEB a custo de factores. A rendibilidade económica permanece practicamente estable en torno ó 7%, presentando a marxe unha leve mellora, mentres que a rotación de activos tamén permanece estable. A rendibilidade financeira antes de

CADRO 4.2.3.1. Sector de bens de equipamento 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Maquinaria e equipamento	782	239.426,19	52.191,59	12.273,85	165.832,27	15
Automoción	424	784.908,89	92.155,60	26.595,41	291.782,42	47
Naval	120	84.514,66	25.248,17	- 401,35	111.235,40	60
Total	1.326	1.108.849,73	169.595,35	38.467,91	568.850,09	29
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	11,91%	23,31%	17,90%	15,02%	16,23%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.2. Sector de bens de equipamento 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	79.124,81	93.669,67	18,38
A Coruña	16.368,77	18.381,25	12,29
Santiago	7.796,75	8.771,50	12,50
O Porriño	3.266,95	4.644,69	42,17
San Cibrao das Viñas	4.251,15	4.523,92	6,42
Ferrol	4.153,89	3.947,48	-4,97
Mos	3.762,41	3.822,39	1,59
Fene	- 6.945,19	2.972,25	142,80

Fonte: Ardán

impostos crece no período 96-97 por mor da lixeira mellora da rendibilidade económica e da redución do custo da débeda.

En relación ó comercio exterior de bens de equipamento, o **cadro 4.0.11.** (*Comercio exterior 1998: distribución segundo sectores*) reflicte que no ano 1998 o saldo da balanza comercial destas actividades presenta un déficit de 3.934 millóns de pesetas dado que o superávit da balanza de materiais de transporte non logra compensa-lo saldo negativo da balanza comercial de maquinaria mecánica e eléctrica.

